

Bloque 3: SÉCULOS XVI-XVII

Cuestión 9. A nova monarquía dos Reis Católicos

O reinado dos Reis Católicos (Isabel de Castela e Fernando de Aragón) supón o paso da monarquía feudal medieval á monarquía autoritaria da Idade Moderna. Durante o seu reinado iniciouse a unificación e expansión territorial da Monarquía Hispánica (prazas no norte de África, Canarias, América...) e á consolidación da monarquía autoritaria. Isabel sucedeu ó seu irmán (Enrique IV) no trono de Castela en 1474 e Fernando ó seu pai (Juan II) no trono de Aragón en 1479. Produciuse así a unión dinástica das Coroas de Castela e Aragón, pero cada reino mantiña as súas leis, institucións e administracións propias, diferentes sistemas de pesos e medidas, fronteiras... O mesmo pasará en Navarra cando sexa incorporada a Castela (1515). Non foi, pois, unha unión institucional das dúas coroas nin supuxo a creación dun estado centralista e unificado. Para gobernar os seus reinos acordaron repartirse competencias e administrar os territorios como correxentes (de aí o lema “*tanto monta o rei como a raíña*”), así como establecer un único escudo (coas frechas de Isabel e o xugo de Fernando), pero na súa titulación mantiveron os seus títulos tradicionais. Porén, desde os inicios do seu reinado o centro da monarquía basculou cara a Castela. Os motivos desta inclinación son diversos: maior extensión e poboación (cinco millóns de habitantes fronte a algo máis dun millón de Aragón), ciudades importantes (Sevilla, Granada e Toledo), maior dinamismo económico e territorios máis unificados (mesma lingua e moeda, Cortes únicas, igual estrutura administrativa e fiscal...) e menos remisos á soberanía real.

Os Reis Católicos e a reorganización do Estado: institucións de goberno. Os Reis Católicos exerceron un poder personalista e tomaron medidas para reforzar a autoridade real fronte ós privilexiados e os concellos, así como conseguir a unidade relixiosa:

- **Limitouse o poder da nobreza** reducindo a súa presenza nos maiores postos da administración e reintegrando á coroa as terras e rendas usurpadas polos nobres (mercés). En Galicia, a execución do mariscal Pardo de Ceta (Mondoñedo, 1483) simboliza a derrota da nobreza fronte á monarquía.
- **Controlouse ás Ordes Militares.** O papa Alejandro VI entregoulle o Maestrazgo das Ordes militares ós reis, o que supuxo unha forte inxección de diñeiro e o aumento do seu poder territorial.
- **Impúxose o Padroado Real**, polo que os Reis Católicos propoñían ó Papa os candidatos a ocupar os cargos eclesiásticos máis relevantes.
- **Menosprezáronse as funcións das Cortes.** Aínda que as Cortes de Castela limitábanse a recoñecer ó rei, tomar xuramento ó herdeiro e decretar subsidios, os Reis Católicos apenas as convocaron. Na Coroa de Aragón, o rei, continuando coa tradición pactista, tivo que manter negociacións coas Cortes dos reinos da Coroa de Aragón para financiar as empresas da coroa.
- **Reforzouse do Consello Real**, logo denominado Consello de Castela, auténtico centro de poder. Tiña dúas funcións: eleva informes ou consultas ao rei e resolver os asuntos da súa competencia. Creáronse consellos especializados (de Aragón, de Indias, da Inquisición, das Ordes Militares...).
- **Estableceuse unha organización territorial de xustiza** con dúas **Chancelerías** (en Valladolid e en Granada) e dúas **Audiencias** (en Santiago de Compostela e Sevilla), que supuxo a modernización da administración de Xustiza. Na Coroa de Aragón creouse a Real Audiencia.
- **Fiscalizouse o poder municipal** en Castela reforzando a figura do corrixidor, funcionario real (encargado da recadación de impostos, da administración de xustiza e da arbitrase nos conflitos locais), que salvagardaba dos intereses da coroa. E **organizouse** en Castela a **Liga da Santa Irmandade** (Cortes de Madrigal, 1476), unha milicia civil, sufragada polos concellos, encargada de pór orde e combater a bandidaxe.
- **Consolidouse a figura do vicerrei**, que actuaba como representante do rei nos territorios que posuían institucións e leis propias (Coroa de Aragón e Navarra). Para Galicia crearon o cargo de gobernador con poderes similares ós de vicerrei.
- **Creouse un exército e unha diplomacia permanente e incrementouse a burocracia.** O exército baseouse nos terzos (compañías de soldados profesionais que empregaban armas brancas e de fogo). Crearon a figura do embaixador como representante dos reis no estranxeiro.

- **Creouse o Tribunal do Santo Oficio ou Inquisición (1478).** O Papa Sixto IV deu ós Reis Católicos bula para establecer a Inquisición (tribunal eclesiástico xa existente na Europa medieval) co fin de perseguir ós sospeitosos de herexía. Os conversos, numerosos desde os pogroms baixomedievais, estiveron permanentemente baixo sospeita. O Tribunal do Santo Oficio, en mans dos dominicos, estaba baixo a autoridade directa dos reis, que o utilizaron como instrumento da súa política autoritaria e de unidade relixiosa, e actuaba nas dúas Coroas. Os xudeus en 1492 (Castela e Aragón) e os mudéxares en 1502 (Castela) foron obrigados a optar entre converterse ó catolicismo ou abandonar os reinos. Á poboación musulmá de Granada aplicóuselle desde 1499 unha política de conversións forzosas que provocou o levantamento das Alpujarras, esmagado por Fernando en 1502.